

Xurés

2026

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NOS STANDS DO SANDBOX TERRITORIAL XURÉS 360

1. Obxecto da convocatoria

No marco da programación de Xurés 2026, ábrese a convocatoria para a selección de iniciativas, proxectos e experiencias que participarán no **SandBox Territorial Xurés 360**, un espazo destinado á exposición, intercambio e difusión de boas prácticas relacionadas coa dinamización social, económica e comunitaria do medio rural.

O SandBox Territorial Xurés 360 ten como finalidade favorecer o encontro entre universidade, administracións públicas, tecido asociativo, profesionais e sector produtivo, promovendo o diálogo, a transferencia de coñecemento e a creación de redes de colaboración arredor dos retos e oportunidades dos territorios rurais.

2. Destinatarios

Poderán presentar propostas:

- Entidades sen ánimo de lucro.
- Asociacións e fundacións.
- Cooperativas e empresas.
- Administracións públicas e organismos dependentes.
- Grupos de investigación, universidades e centros de coñecemento.
- Profesionais autónomos e iniciativas emprendedoras.
- Calquera outra organización ou proxecto que desenvolva actuacións de interese para o desenvolvemento rural.

3. Temáticas prioritarias

Terán especial consideración as iniciativas que contribúan ao desenvolvemento e dinamización do medio rural, en particular aquelas relacionadas con:

- Inclusión social e igualdade.
- Participación cidadá.
- Sostibilidade ambiental.
- Cultura, patrimonio e identidade territorial.

4. Criterios de selección

Priorizaranse aquelas propostas que:

- Poidan ser consideradas boas prácticas.
- Presenten impacto na dinamización comunitaria e social do rural.
- Incorporen enfoques de innovación social, participación, sostibilidade ou resiliencia territorial.
- Sexan experiencias replicables ou transferibles a outros contextos rurais.

A organización poderá procurar unha representación equilibrada de temáticas, territorios e tipos de entidades participantes.

5. Condicións de participación

As iniciativas seleccionadas disporán de:

- Un espazo expositivo individual de aproximadamente 3 x 3 metros.
- Mesa e cadeiras básicas para atención ao público.
- Punto de conexión eléctrica (baixo solicitude previa e segundo dispoñibilidade).

A participación terá carácter gratuíto para as entidades participantes.

A Universidade de Vigo asumirá os gastos de manutención (xantar e cea) de ata dúas persoas representantes por entidade participante durante a xornada do 26 de setembro. Calquera gasto adicional de manutención, aloxamento ou desprazamento correrá por conta das entidades participantes.

6. Desenvolvemento da actividade

O SandBox Territorial celebrarase o día **26 de setembro de 2026**.

Horarios previstos

- Montaxe dos espazos: de 15:00 a 16:30 h.
- Apertura ao público: de 16:30 a 18:30 h.
- Desmontaxe: de 18:30 a 19:30 h.

A organización poderá realizar modificacións horarias por razóns organizativas.

7. Obrigas das entidades participantes

As entidades seleccionadas comprométense a:

- Respectar as indicacións da organización.
- Encargarse da colocación dos seus propios materiais expositivos no espazo asignado.
- Retirar os seus materiais ao finalizar a actividade.

8. Presentación de propostas

As entidades interesadas deberán remitir ao correo electrónico formacion@ceesg.gal a súa proposta. Suxírese que se envíe:

- Nome da entidade ou proxecto.
- Persoa de contacto.
- Teléfono e correo electrónico.
- Breve descrición da iniciativa (máximo 1.000 palabras).
- Ligazóns web ou materiais complementarios, se os houber.

9. Prazo de presentación

O prazo para a recepción de propostas permanecerá aberto ata o **15 de xuño de 2026 (incluído)**.

10. Resolución

A organización comunicará a resolución ás entidades seleccionadas antes do **30 de xuño de 2026** mediante correo electrónico.

11. Confirmación da participación

As entidades seleccionadas deberán confirmar a súa participación mediante o formulario que lles será remitido xunto coa comunicación de selección. Este incluirá a información necesaria para a correcta organización da actividade.

A falta de confirmación dentro do prazo que se estableza implicará a renuncia á participación, perdendo a entidade o dereito ao espazo asignado.

12. Protección de datos e difusión

A presentación dunha proposta implica a aceptación destas bases e autoriza á organización a utilizar a información facilitada para fins de avaliación, difusión e comunicación vinculados ao evento Xurés 2026.

As entidades participantes autorizan a captación e difusión de imaxes da súa participación con fins informativos e promocionais relacionados co evento.

Comité organizador

Xuño 2026